

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	BARALLA
Edificio	Igrexa de San Xurxo de Vale.
Dirección	Lugar de Vale, s/n. 27689
	42.84688788661352 -7.248304472844716
Protección	
Descrición	A Igrexa de San Xurxo de Vale data do século XV, con reformas no XVII, sendo a nave o único que se conserva do templo primitivo. Posúe o presbiterio máis amplo e elevado ca nave, con cubrición a catro augas e arco triunfal de medio punto sobre piastras laterais. A fronte presenta unha porta con arco de medio punto, protexida por un cabido con cubrición a tres augas sobre o que se ergue unha espadana de dous vans que acollen as campás. Na cornixa obsérvanse varios canzorros de traza sinxela, entre os que saliente o dunha cabeza humana. No interior hai un retablo neoclásico do ano 1800, coas imaxes de San Xoán, San Xurxo matando a un dragón, Santo Antonio, A Virxe co Neno e outras tallas. Nun retablo lateral vese un santo con sombreiro, palma e un libro. No retablo lateral sur, a imaxe do San Roque. Pinturas murais do século XV nos laterais da nave nas que se escenifican aos Reis Magos e o nacemento de Cristo, cabaleiros e damas con representacións diabólicas, o Xuízo Final e San Miguel; a parte superior está coroada por unha representación de San Xurxo ferindo ao dragón.
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	MOURE, Xabier (Campás e Reloxos monumentais de Galicia, Facebook).
Data	22-07-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor	PORTILLA, ABEL (GAJANO)	1990	55	97
Espadana	Maior	PORTILLA, ABEL (GAJANO)	1990	59.5	124

Información completa: [Igrexa de San Xurxo de Vale. - BARALLA \(GALICIA\)](#)

PDF (14-09-2026)